



FEDERACION GALEGA
DE
TIRO OLIMPICO

CASA DO DEPORTE
Avda. Infanta Elena Duquesa
de Lugo, s/n - Local número 1
27003 LUGO

Apartado de Correos nº 590
27080 LUGO

Teléfono 982 240 241
Fax 982 240 251

Correo elect.: galega@fegato.gal
Páxina web: www.fegato.gal



XUNTA
DE GALICIA

DEPORTE
GALEGO

CONVOCATORIA DE ELECCIONS A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL, PRESIDENTE E COMISION DELEGADA DA FEDERACION GALEGA DE TIRO OLIMPICO.-

En cumprimento do disposto no Artigo 11 do Regulamento Electoral para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Tiro Olímpico, aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte con data 1 de xuño de 2018, procedo e

CONVOCO: eleccións dos órganos de goberno, Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Tiro Olímpico.

Como anexo a esta Convocatoria figura a seguinte documentación:

- a) Regulamento electoral.
- b) Calendario electoral.
- c) Censo electoral provisional.
- d) Instrucións do voto por correspondencia.

Poderanse consultar os censos na Sede da Federación Avda. Infanta Elena Duquesa de Lugo, s/n (casa do deporte), de luns venres de 09:00 a 14:00 Horas e de 16:00 a 19:00 horas, e na páxina web da Federación: www.fegato.gal, os censos totais por delegacións. Tamén en cada Delegación Provincial os censos da provincia:

A Coruña: Delegación Provincial; Luns a Venres de 16:00 a 20:00 horas.

Lugo: Delegación Provincial; Luns mércores e xoves de 18:00 a 20:00 horas.

Ourense: Delegación Provincial; mércores, xoves e venres de 18:00 a 20:00 horas.

Pontevedra: Instalacións de Tiro en Cernadiñas Novas (Xeve) Edificio da modalidade de precisión; Luns, mércores e xoves de 18.30 a 20:00 horas.

A Xunta Electoral constituirase no prazo máximo de dous días desde a data de convocatoria do proceso electoral (Artigo 5.6 do Regulamento electoral).

A sede da xunta electoral é a da Federación Galega, Avda. Infanta Elena Duquesa de Lugo, s/n (casa do deporte), 27003 Lugo.

Con esta mesma data, a Xunta directiva da Federación Galega de Tiro Olímpico queda disolta. (Artigo 4 do Regulamento electoral).

Constituirase unha Comisión Xestora, de conformidade co que sinala o Artigo 4.2 do Regulamento Electoral que se entenderá extinguida unha vez tomen posesión tódolos membros dos órganos de goberno da Federación Galega de Tiro Olímpico.

Lugo, 8 de xuño de 2018.



Asdo: Ángel Blas Paz Díaz.
Presidente,